

A FORMACION PERMANENTE DO PROFESORADO EN GALICIA: A FORMACION EN CENTROS

Luis Miguel Nogueiras Mascareñas

José Delgado Montoto

José Ramón Fernández Vázquez

CEFOCOP DE OURENSE

RESUME

A Formación Permanente do Profesorado galego (entendida como apoio continuado ó proceso de desenvolvemento profesional dos docentes) ocupa un lugar central e de máxima actualidade non só para os políticos e administradores, senón para a sociedade educativa en xeral.

A Consellería de Educación da Xunta de Galicia redacta no ano 1990 un Plano Galego de Formación Permanente do profesorado cunha vixencia de cinco anos no que se define o marco referencial de actualización, perfeccionamento, especialización e reciclaxe científico e didáctico do profesorado, e publica o Decreto 42/1989 de 23 de febreiro que regula os Centros de Formación Continuada do Profesorado (CEFOCOPs). Todo isto, supuxo un cambio importante na política de Formación Permanente do Profesorado non universitario de Galicia.

Esgotado o Plano, a Consellería realiza unha avaliación do mesmo a través de análises descritivos e explicativos poñendo de manifesto determinadas disfuncións e propoñendo medidas correctoras das mesmas; priorizando para o curso 97/98 a **formación nos propios centros** a través das modalidades formativas adecuadas (Proxectos de Formación e Asesoramento en centros, Seminarios Permanente e Grupos de Traballo).

1. ANTECEDENTES

Non é necesario insistir en que a **Formación Permanente do Profesorado** (entendida como apoio continuado ó proceso de desenvolvemento profesional dos docentes) ocupa un lugar central e de máxima actualidade non só para os políticos e administradores, senón para os ensinantes e a sociedade educativa en xeral.

Parece existir acordo en considerar ó docente como peza clave e decisiva para mellora-la calidade do ensino. Este papel relevante que se lle outorga ó profesor implica a contemplación da súa formación, actualización e perfeccionamento como un factor fundamental neste tipo de procesos.

Pero, ¿cales foron as razóns que induciron a enfatizar estes aspectos?. Entre outras, sinalámolas seguintes (**Imbernon, F. ;1990**):

- a) A debilidade formativa da formación inicial.
- b) A función do profesorado como algo máis que un mero reprodutor do currículo e con actitudes pasivas diante da ensinanza.
- c) A necesidade da calidade de ensinanza como demanda social da poboación.
- d) A reforma curricular e estrutural do sistema educativo actual.

Todo isto, conleva a necesidade de realizar grandes esforzos inversores na formación do profesorado e aceptar unha maior autonomía das zonas, dos centros e dos profesores.

A reforma da educación pretende dar resposta a esta necesidade urxente de cambio plantexando transformacións profundas nos seus fins e obxectivos, na súa propia ordenación e estruturación, nos deseños curriculares, nos métodos e procedementos de ensinanza; e por suposto, no xeito de concebir os profesores a súa profesión.

Tendo en conta estes presupostos, a **Consellería de Educación** da Xunta de Galicia redacta no ano 1990 un **Plano galego de Formación Continuada do Profesorado** (no que se define o marco referencial de actualización, perfeccionamento, especialización e reciclaxe científico e didáctico do profesorado) e publica o Decreto 42/1989 de 23 de febreiro (DOG, 31 de marzo) que regula os actuais **Centros de Formación Continuada do Profesorado** (CEFOCOPs). Todo iso, provocou un cambio importante na política de Formación Permanente do profesorado non universitario galego.

No Plano galego explíctase un novo modelo de formación que, partindo da realidade soioeducativa galega, intenta dar respostas non só as necesidades e demandas do profesorado, senón ás esixencias sociais (actualización de contidos científicos e culturais, renovación dos métodos didácticos...). As características desta nova formación son as seguintes:

- a) Descentralizada e estimuladora da participación.
- b) Baseada na diversidade e flexibilidade.
- c) Centrada na escola.
- d) Continuada, favorecedora da experimentación curricular.

O modelo formativo galego prioriza a **formación nos propios centros**, e pretende desenvolverse a través de determinadas modalidades formativas:

- Proxectos de formación en centros (segundo a convocatoria do DOG).
- Seminarios permanentes e Grupos de Traballo (supervisados directamente polos asesores técnico-pedagóxicos das diferentes etapas e áreas).

- Licencias por estudos.
- Licencias en formación en empresas/institucións.
- Programas da Unión Europea.
- Reintegros individuais de gastos relacionados con actividades de formación non promovidas desde a Administración Educativa.
- Accións emanadas dos Movementsos de Renovación Pedagóxica e outras institucións (Universidade, UNED) recoñecidas para este efecto.
- Programas específicos centralizados: cursos de temática variada (de apoio ó desenvolvemento dos planos de integración, sobre temas transversais, para colectivos con características profesionais e laborais singulares).
- Cursos de especialización realizados a través da Universidade.
- Programas descentralizados realizados polos CEFOCOPs: cursos, encontros, xornadas.
- Programas con dependencia orgánica mixta CEFOCOPs/Consellería, pero deseñados desde os servizos centrais: Programa de Formación a distancia, Programa de Ensinanza-Aprendizaxe das Linguas (PEAL).

O Plano galego de Formación do Profesorado representa un marco de actuación que se concreta nos diferentes Planos Xerais Anuais de Formación Permanente. A partir das liñas definidas no Plano Xeral Anual establécense os Planos Provinciais e os Planos dos Centros de Formación Continuada do Profesorado (CEFOCOPs) como un marco escalonado e cohesionado de planificación, posibilitando a plasmación das actuacións formativas dun xeito descentralizado e dando resposta ás necesidades específicas de cada zona educativa.

Os Planos dos CEFOCOPs recollen as aportacións e actividades dos distintos programas que desenvolven aspectos que prioriza a Consellería de Educación, sendo responsabilidade dos diferentes equipos de asesores técnico-pedagóxicos tanto as actividades do seu ámbito de actuación como aquelas outras de carácter provincial ou interprovincial.

Os CEFOCOPs, polo tanto, representan as estruturas que a Administración educativa galega pon ó servizo da formación permanente do profesorado.

O modelo de formación adoptado polos CEFOCOPs defínese polo seguintes aspectos (**Planos Provinciais de Formación do Profesorado, 1995 e 1996**):

- a) O centro escolar é considerado como o primeiro núcleo de formación.
- b) As demandas de formación deben partir do profesorado a través do propio centro educativo e revertir na acción educativa do mesmo.
- c) Preténdese capacitar ó profesorado para que elabore en equipo os proxectos curriculares e proxectos educativos adaptados a cada centro escolar.
- d) Tenta un equilibrio entre as necesidades de formación derivadas da implantación da Reforma do sistema educativo e aquelas demandas manifestadas polo profesorado galego.

As liñas de traballo preferentes incidían ata agora en tres eixes de actuación: a avaliación, a atención á diversidade e o tratamento dos contidos respetando o carácter de área (en secundaria); atendendo fundamentalmente á Educación Secundaria Obrigatoria (e en menor medida ó bacharelato).

2. SITUACION ACTUAL

No ano 1995 termina o período para o que foi establecido o Plano galego de Formación do Profesorado. No primeiro trimestre do curso 96/97 a Subdirección Xeral de Ordenación Educativa da Xunta de Galicia elabora un borrador de documento marco para debate sobre a formación permanente do profesorado na Comunidade Autónoma no que se intenta realizar unha análise descriptiva e explicativa da mesma. Nesta análise apúntanse unha serie de disfuncións formativas; a saber (**Borrador de Documento marco para debate sobre a Formación Permanente do Profesorado na C.A. de Galicia, 1996**):

- a) A inexistencia de traxectorias ou itinerarios formativos consistentes, o que provoca disfuncións debido á diversidade de niveis de desenvolvemento profesional existentes, tanto nas accións formativas como nos mesmos centros. Este feito implica asumir que a institución carece dun fío conductor e de que a súa liña de actuación consiste básicamente en ofertar menús formativos á carta.
- b) A escasa asistencia do profesorado a accións formativas que teñan un título que suxira procesos de interacción na aula (cognitivos, pedagóxicos ou de xestión) ou aspectos estritamente curriculares.
- c) A preferencia do profesorado pola modalidade formativa “xornadas”, na que se abordan aspectos propios da súa área, de curta duración e sen fase de avaliación.
- d) A asistencia do profesorado a cursos en función do número de horas para completar o sexenio, independentemente da temática que se aborde nos mesmos.
- e) Preferencia pola modalidade da formación a distancia.

Tendo en conta toda esta problemática fórmulanse como obxectivos da formación permanente os seguintes:

- a) Aportar un fío conductor ou eixe organizativo á formación permanente do profesorado.
- b) Crear contextos de formación para que os profesores e profesoras coñezan os contidos das ciencias que ensinan.
- c) Dotar ós profesores de instrumentos de interpretación do currículo.
- d) Crear contextos formativos que favorezan o desenvolvemento do coñecemento pedagóxico, de xeito que o profesorado sexa consciente do proceso de aprendizaxe do alumnado, planifique estratexias instrucionais e utilice procedementos e técnicas de avaliación.
- e) Estimular a utilización dos recursos didácticos.
- f) Concienciar ó profesorado da necesidade de relacionarse profesionalmente cos outros colegas do centro e dotalo de técnicas que faciliten a empatía.
- g) Concienciar ós docentes da importancia do labor tutorial como orientación vocacional, académica e persoal, e facilitar o coñecemento de estratexias de actuación neses ámbitos.
- h) Dotar ó profesorado de estratexias motivacionais para a que identifique as súas necesidades de formación (tanto de coñecementos como de habilidades) e consecuentemente realice a formación permanente necesaria para a súa acción docente. Neste sentido, se sinala que as necesidades de formación permanente deben ser analizadas no marco dos ámbitos xerais de actuación profesional do profesorado: didáctico-disciplinar, pedagóxico e organizativo-colaborativo.

O Documento enviado pola Consellería de Educación ós CEFOCOPs para a planificación do curso 97/98 explicita ,entre outros, os seguintes obxectivos prioritarios (**Documento para a elaboración dos Planos Provinciais de Formación, 1997**):

- a) Establecer un eixe organizativo sobre o que se estructure a formación permanente do profesorado. Isto supón a necesidade de establecer itinerarios formativos consistentes.
- b) Fomentar accións que favorezan o traballo dos equipos docentes cara ó desenvolvemento dos proxectos educativos e curriculares de centro; especialmente a través da formación en centros.
- c) Promover a formación de equipos docentes, seminarios e grupos de traballo que posibiliten a reflexión colectiva , investigación e produción de materiais.
- d) Promover a dinamización pedagóxico-didáctica dos centros, dotando ás Comisións de Coordinación Pedagóxica dos mesmos das técnicas e instrumentos axeitados.
- e) Favorece-la realización de actividades de formación no ámbito de traballo do profesorado coa fin de vincular a formación ó centro docente.

Para o curso 97/98 a Administración Educativa galega está na liña de priomar a formación nos propios centros, potenciando as modalidades de Formación e Asesoramento nos centros, Seminarios Permanentes e Grupos de Traballo, e a modalidade de Curso no que sexa prioritaria a asistencia do profesorado dun mesmo centro e pertencente a un mesmo seminario, departamento ou ciclo, aínda que limitada pola necesidade de garantir a formación de aqueles profesores e profesoras que asistan individualmente.

Preténdese deste xeito, promover nos centros educativos un traballo común de fixación de obxectivos, de planificación do currículo e da acción tutorial que permita a construción colexiada de respostas educativas adaptadas ó contexto de cada centro. Neste sentido, cada CEFOCOP reservará aproximadamente o 60% do seu presuposto para estas modalidades, sendo os Proxectos de Formación e Asesoramento en centros ós que se destina a meirande parte do mesmo.

Diante da implantación do segundo curso do primeiro ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria priorízase a formación do profesorado que imparte as áreas de Tecnoloxía e Música. Asimismo, poténcianse as actividades de formación para os titores da ESO e para o profesorado que imparte novos ciclos formativos, e para os titores de formación en centros de traballo. Finalmente ofértase formación específica sobre os contidos transversais no currículo e para o profesorado que imparte cultura relixiosa.

Segundo todo o anterior, o eixe organizativo a partir do que se estrutura a formación do profesorado en Galicia, responde o esquema seguinte:

1.- Formación e asesoramento ós centros educativos.

A súa filosofía responde a tres ideas básicas:

- Dar resposta ás necesidades de formación do profesorado identificadas no propio centro, e as que se derivan da implantación do actual sistema educativo.
- Fomenta-la colaboración entre o profesorado do centro e os asesores técnico-pedagóxicos implicados nas distintas fases de formación (planificación, desenvolvemento e avaliación).
- Establecer liñas de traballo para mellora-lo funcionamento dos centros nos diferentes ámbitos.

2. - Seminarios Permanentes.

Nesta modalidade un grupo de profesores seleccionan un aspecto concreto a traballar, desenvolven actividades, elaboran materiais, contrastan o traballo realizado e dan a coñecer.

3.- Grupo de Traballo.

Pretenden a reflexión sobre a práctica docente a través do traballo en grupo coa finalidade de que se traten aspectos de interese formativo non abordados noutras modalidades.

Tódalas actividades de formación precisan dunha avaliación como base para a posterior toma de decisións de mellora das accións formativas. Neste momento a avaliación afecta non só o deseño e a organización da actividade, senón ós participantes (relatores, asistentes, asesores técnico-pedagóxicos...) e ós contidos, metodoloxía e recursos da actividade.

3. BIBLIOGRAFÍA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN (1990): **Formación Continuada do profesorado de niveis non universitarios na Comunidade Autónoma de Galicia**. Xunta de Galicia. Santiago.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN (anos 1995 e 1996): **Planos provinciais de formación do profesorado**. Xunta de Galicia. Santiago.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN EDUCATIVA E DE FORMACIÓN PROFESIONAL (1997): **Documento para a elaboración dos Planos provinciais de formación**. Policopía.

SUBDIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN EDUCATIVA (1996): **Borrador de documento marco para debate sobre a formación permanente do profesorado na Comunidade Autónoma Galega**. Policopía.